

2023  
2024



FORMACIÓN  
PROFESIONAL



o futuro  
nas túas mans

Familia profesional

Industrias  
alimentarias



XUNTA  
DE GALICIA



# CB Industrias alimentarias

## Ciclo formativo de grao básico

## Título LOE

Perfil profesional

Duración

**2.000 horas**

**Que se aprende a facer?** Realizar operacións de apoio na recepción e na preparación das materias primas e auxiliares que interveñen nos procesos produtivos, colaborando neses procesos e axudando nas operacións rutineiras e sinxelas de elaboración e envasamento de produtos alimentarios, e tamén participando en tarefas sinxelas de laboratorio e operacións rutineiras de proceso químico, intervindo nas operacións de limpeza e hixiene de equipamentos e instalacións, así como de axuda ao mantemento de primeiro nivel, seguindo instrucións técnicas, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas correspondentes de hixiene alimentaria, de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

**En que ámbitos se traballa?** Na industria alimentaria de pequeno, mediano ou gran tamaño, tanto as que se dedican á fabricación directa de transformacións alimentarias como as de servizos e produtos auxiliares para o sector. Desenvolve, xeralmente por conta allea, tarefas normalizadas de apoio nas áreas de recepción, preparación, elaboración e conservación, operando de xeito automático con dispositivos, equipamentos e instalacións, e en áreas de laboratorio, realizando tarefas sinxelas e rutineiras. Realiza, así mesmo, tarefas de coidado e mantemento de instalacións e equipamentos, e labores relacionados co transporte interno e coa almacenaxe. Ocasionalmente, pode tamén exercer a súa actividade por conta propia no campo da artesanía relacionada coa fabricación de produtos alimentarios derivados da gandaría. Opera seguindo instrucións de persoas coa titulación de técnico/a superior e segundo procedementos establecidos.

**Que ocupacións se desempeñan?** Peón da industria da alimentación e bebidas; preparador/ora de materias primas; operador/ora de máquinas para elaborar e envasar produtos alimentarios; mozo/a de almacén; operador/ora de carreta; auxiliar de planta alimentaria; auxiliar de mantemento en industria alimentaria; auxiliar de liña de produción; auxiliar de almacén; auxiliar de limpeza e desinfección de instalacións, aparellos e material de laboratorio; axudante de plantas residuais; axudante de plantas de tratamento de augas.

**Cales son os módulos deste ciclo?** Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	AM3009	Ciencias aplicadas I	175
1º	AM3011	Comunicación e ciencias sociais I	206
1º	MP3134	<b>Elaboración de produtos alimentarios</b>	237
1º	MP3070	<b>Operacións auxiliares de almacenaxe</b>	146
1º	MP3133	<b>Operacións auxiliares na industria alimentaria</b>	146
2º	AM3042	Ciencias aplicadas II	162
2º	AM3012	Comunicación e ciencias sociais II	135
2º	MP3137	Formación en centros de traballo	320
2º	MP3135	<b>Limpeza e mantemento de instalacións e equipamentos</b>	209
2º	MP3136	<b>Operacións básicas de laboratorio</b>	202

**Nota.** No primeiro curso dedícaranse 35 horas á titaría, e 27 horas no segundo curso. Os módulos en grosa están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?** Técnico básico en Industrias alimentarias.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables
MP3133	Operacións auxiliares na industria alimentaria.	UC0543_1 Realizar tarefas de apoio á recepción e á preparación das materias primas. UC0545_1 Manexar equipamentos e instalacións para o envasamento, o acondicionamento e a empaquetaxe de produtos alimentarios, seguindo instrucións de traballo de carácter normalizado e dependente.
MP3134	Elaboración de produtos alimentarios.	UC0544_1 Realizar tarefas de apoio á elaboración, o tratamento e a conservación de produtos alimentarios.
MP3135	Limpeza e mantemento de instalacións e equipamentos.	UC0546_1 Realizar operacións de limpeza e de hixiene xeral en equipamentos e instalacións e de apoio á protección ambiental na industria alimentaria, segundo as instrucións recibidas. UC0547_1 Axudar no mantemento operativo de máquinas e instalacións da industria alimentaria, seguindo os procedementos establecidos. UC1310_1 Realizar operacións de limpeza e desinfección de materiais, equipamentos e instalacións en que se empreguen produtos químicos.
MP3136	Operacións básicas de laboratorio.	UC1312_1 Realizar operacións auxiliares elementais en laboratorio e nos procesos da industria química e afíns.
MP3070	Operacións auxiliares de almacenaxe.	UC0432_1 Manipular cargas con carretas elevadoras. UC1325_1 Realizar as operacións auxiliares de recepción, colocación, mantemento e expedición de cargas no almacén de xeito integrado no equipo.

Que módulos  
profesionais se  
validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC0543_1	Realizar tarefas de apoio á recepción e á preparación das materias primas.	MP3133	Operacións auxiliares na industria alimentaria.
UC0545_1	Manexar equipamentos e instalacións para o envasamento, o acondicionamento e a empaquetaxe de produtos alimentarios, seguindo instrucións de traballo de carácter normalizado e dependente.		
UC0544_1	Realizar tarefas de apoio á elaboración, o tratamento e a conservación de produtos alimentarios.	MP3134	Elaboración de produtos alimentarios.
UC0546_1	Realizar operacións de limpeza e de hixiene xeral en equipamentos e instalacións e de apoio á protección ambiental na industria alimentaria, segundo as instrucións recibidas.	MP3135	Limpeza e mantemento de instalacións e equipamentos.
UC0547_1	Axudar no mantemento operativo de máquinas e instalacións da industria alimentaria, seguindo os procedementos establecidos.		
UC1310_1	Realizar operacións de limpeza e desinfección de materiais, equipamentos e instalacións en que se empreguen produtos químicos.		
UC1312_1	Realizar operacións auxiliares elementais en laboratorio e nos procesos da industria química e afíns.	MP3136	Operacións básicas de laboratorio.
UC0432_1	Manipular cargas con carretas elevadoras.	MP3070	Operacións auxiliares de almacenaxe.
UC1325_1	Realizar as operacións auxiliares de recepción, colocación, mantemento e expedición de cargas no almacén de xeito integrado no equipo.		

# CM Aceites de oliva e viños

## Ciclo formativo de grao medio

## Título LOE

Perfil profesional

Duración

**2.000 horas**

**Que se aprende a facer?** Elaborar e envasar aceites de oliva, viños e outras bebidas de acordo cos plans de produción e calidade, efectuando o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos e aplicando a lexislación de hixiene e seguridade alimentaria, de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.

**En que ámbitos se traballa?** Na industria de elaboración e envasamento de aceites de oliva, viños e outras bebidas, en pequenas, medianas ou grandes empresas, con tecnoloxía tradicional ou avanzada. Intégrase en equipos de traballo con outras persoas do mesmo ou de inferior nivel de cualificación, dependendo organicamente dun mando intermedio. En certos casos de pequenas empresas pode ter baixo a súa responsabilidade operarios e depender directamente da persoa responsable de produción.

**Que ocupacións se desempeñan?** Bodegueiro/eira, elaborador/ora de viños, cavas, sidra e outras bebidas e derivados. Mestre/a de lagar, extracción e refinamento de aceites de oliva. Recepcionista de materias primas. Operador/ora de sección de embotellamento e/ou envasamento. Auxiliar de laboratorio en lagares e adegas. Auxiliar de control de calidade en lagares e adegas. Comercial de lagares e adegas.

**Cales son os módulos deste ciclo?** Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0318	<b>Elaboración de viños</b>	267
1º	MP0317	<b>Extracción de aceites de oliva</b>	107
1º	MP0322	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0316	Materias primas e produtos na industria oleícola, vinícola e doutras bebidas	346
1º	MP0030	Operacións e control de almacén na industria alimentaria	80
1º	MP0031	<b>Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos</b>	53
2º	MP0319	<b>Acondicionamento de aceites de oliva</b>	105
2º	MP0321	Análise sensorial	105
2º	MP0320	<b>Elaboración doutras bebidas e derivados</b>	192
2º	MP0323	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0324	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0116	Principios de mantemento electromecánico	105
2º	MP0146	Venda e comercialización de produtos alimentarios	70

**Nota.** Os módulos en grosa están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?** Técnico en Aceites de oliva e viños.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.	UC0029_2	Conducir os procesos de extracción e realizar as operacións de refinación e corrección de aceites de oliva.
MP0317	Extracción de aceites de oliva.		
MP0319	Acondicionamento de aceites de oliva.		
MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.	UC0548_2	Controlar a materia prima e preparar as instalacións e a maquinaria da adega.
MP0318	Elaboración de viños.	UC0549_2	Controlar as fermentacións e o acabamento dos viños.
		UC0550_2	Realizar vinificacións especiais.
MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.	UC0314_2	Controlar o proceso de envasamento e acondicionamento de bebidas.
MP0320	Elaboración doutras bebidas e derivados.	UC0551_2	Conducir o proceso de destilación e elaborar augardentes e licores.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC0029_2	Conducir os procesos de extracción e realizar as operacións de refinación e corrección de aceites de oliva.	MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.
		MP0317	Extracción de aceites de oliva.
UC0030_2	Controlar o proceso de trasfega e almacenaxe de aceite de oliva en adega.	MP0319	Acondicionamento de aceites de oliva.
UC0548_2	Controlar a materia prima e preparar as instalacións e a maquinaria da adega.	MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.
UC0549_2	Controlar as fermentacións e o acabamento dos viños.	MP0318	Elaboración de viños.
UC0550_2	Realizar vinificacións especiais.		
UC0314_2	Controlar o proceso de envasamento e acondicionamento de bebidas.	MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.
UC0551_2	Conducir o proceso de destilación e elaborar augardentes e licores.	MP0320	Elaboración doutras bebidas e derivados.

# CM Elaboración de produtos alimentarios

	<b>Ciclo formativo de grao medio</b>	<b>Título LOE</b>
	Perfil profesional	Duración
		<b>2.000 horas</b>

**Que se aprende a facer?** A competencia xeral deste título consiste en elaborar e envasar produtos alimentarios de acordo cos plans de produción e calidade, así como efectuar o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos, aplicando a lexislación de hixiene e seguridade alimentaria, de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.

**En que ámbitos se traballa?** As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade en empresas pequenas, medianas ou grandes, con niveis moi diversos tanto na súa tecnoloxía como na súa organización. Son traballadores e traballadoras por conta allea que se integran nun equipo de traballo con persoas do seu mesmo nivel de cualificación, ou inferior, onde desenvolven tarefas individuais e en grupo nas áreas funcionais de recepción de materias primas e materiais, preparación e manexo de equipamentos de produción, control de operacións de elaboración, envasamento e embalaxe, apoio ao control de calidade, almacenamento e expedición de produtos acabados. En xeral, dependerán organicamente dun mando intermedio, coa excepción de pequenas empresas ou nas que aínda as operacións manuais posúan relevancia, nas que poden exercer funcións de supervisión de operarios e depender, no seu exercicio, directamente da dirección de produción.

**Que ocupacións se desempeñan?** Elaborador/ora de produtos alimentarios; operador/ora de máquinas e equipamentos para o tratamento e a elaboración de produtos alimentarios; operador/ora e controlador/ora de liñas de envasamento e embalaxe; recepcionista e almaceneiro/a; subministrador/ora de materias primas e materiais ás liñas de produción; dosificador/ora; supervisor/ora de liña.

**Cales son os módulos deste ciclo?** Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0147	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0141	<b>Materias primas na industria alimentaria</b>	267
1º	MP0142	<b>Operacións de acondicionamento de materias primas</b>	213
1º	MP0030	<b>Operacións e control de almacén na industria alimentaria</b>	80
1º	MP0031	<b>Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos</b>	53
1º	MP0143	<b>Tratamentos de transformación e conservación</b>	240
2º	MP0148	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0149	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0116	Principios de mantemento electromecánico	105
2º	MP0144	<b>Procesamento de produtos alimentarios</b>	175
2º	MP0145	Procesos tecnolóxicos na industria alimentaria	227
2º	MP0146	Venda e comercialización de produtos alimentarios	70

**Nota.** Os módulos en grosa están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?** Técnico en Elaboración de produtos alimentarios.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables
MP0030	Operacións e control de almacén na industria alimentaria.	UC0027_2 Realizar e conducir as operacións de recepción, almacenamento e tratamentos previos do leite, e doutras materias primas lácteas.
MP0141	Materias primas na industria alimentaria.	UC0291_2 Recibir, controlar e valorar as materias primas e auxiliares que interveñen no proceso de produción de conservas vexetais, e realizar o almacenamento e a expedición de produtos acabados. UC0295_2 Controlar a recepción das materias primas e auxiliares cárnicas, así como o almacenamento e a expedición de pezas e produtos cárnicos.
MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.	UC0292_2 Preparar as materias primas para a súa posterior elaboración e o seu tratamento, garantindo a calidade, a hixiene e a seguridade necesarias.
MP0142	Operacións de acondicionamento de materias primas.	UC0302_2 Conducir e controlar as operacións de elaboración de leites de consumo, evaporados, en po e condensados, e de nata, manteiga, xeados e similares.
MP0144	Procesamento de produtos alimentarios.	UC0304_2 Conducir e controlar as operacións de envasamento e acondicionamento de produtos lácteos.
MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.	UC0293_2 Realizar as operacións de dosificación, enchedura e pechamento de conservas vexetais, zumes e pratos cocifiados, comprobando se seguen os procedementos e as normas que aseguren a calidade requirida.
MP0143	Tratamentos de transformación e conservación.	UC0294_2 Conducir a aplicación dos tratamentos finais de conservación, seguindo as especificacións de calidade e hixiene demandadas.
MP0144	Procesamento de produtos alimentarios.	UC0298_2 Elaborar produtos cárnicos industriais, mantendo a calidade e a hixiene requiridas. UC0303_2 Conducir e controlar as operacións de elaboración de sobremesas lácteas, iogures e leites fermentados. UC0304_2 Conducir e controlar as operacións de envasamento e acondicionamento de produtos lácteos. UC0318_2 Elaborar conservas, semiconservas e salgaduras de produtos da pesca, seguindo as normas de calidade e seguridade alimentaria. UC0319_2 Elaborar masas, pastas, conxelados e pratos cocifiados ou precocifiados con base de peixe ou marisco, garantindo a calidade e a hixiene dos produtos.



Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

	Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0027_2	Realizar e conducir as operacións de recepción, almacenamento e tratamentos previos do leite, e doutras materias primas lácteas.	MP0030 Operacións e control de almacén na industria alimentaria.
UC0291_2	Recibir, controlar e valorar as materias primas e auxiliares que interveñen no proceso de produción de conservas vexetais, e realizar o almacenamento e a expedición de produtos acabados.	MP0030 Operacións e control de almacén na industria alimentaria. MP0141 Materias primas na industria alimentaria.
UC0295_2	Controlar a recepción das materias primas e auxiliares cárnicas, así como o almacenamento e a expedición de pezas e produtos cárnicos.	MP0030 Operacións e control de almacén na industria alimentaria. MP0141 Materias primas na industria alimentaria.
UC0292_2	Preparar as materias primas para a súa posterior elaboración e o seu tratamento, garantindo a calidade, a hixiene e a seguridade necesarias.	MP0031 Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos. MP0142 Operacións de acondicionamento de materias primas.
UC0302_2	Conducir e controlar as operacións de elaboración de leites de consumo, evaporados, en po e condensados, e de nata, manteiga, xeados e similares.	MP0031 Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos. MP0142 Operacións de acondicionamento de materias primas.
UC0304_2	Conducir e controlar as operacións de envasamento e acondicionamento de produtos lácteos.	MP0144 Procesamento de produtos alimentarios.
UC0293_2	Realizar as operacións de dosificación, enchedura e pechamento de conservas vexetais, zumes e pratos cocifiados, comprobando se seguen os procedementos e as normas que aseguren a calidade requirida.	MP0031 Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos. MP0143 Tratamentos de transformación e conservación.
UC0294_2	Conducir a aplicación dos tratamentos finais de conservación, seguindo as especificacións de calidade e hixiene demandadas.	MP0144 Procesamento de produtos alimentarios.
UC0298_2	Elaborar produtos cárnicos industriais, mantendo a calidade e a hixiene requiridas.	MP0031 Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.
UC0318_2	Elaborar conservas, semiconservas e salgaduras de produtos da pesca, seguindo as normas de calidade e seguridade alimentaria.	MP0143 Tratamentos de transformación e conservación. MP0144 Procesamento de produtos alimentarios.
UC0319_2	Elaborar masas, pastas, conxelados e pratos cocifiados ou precocifiados con base de peixe ou marisco, garantindo a calidade e a hixiene dos produtos.	MP0144 Procesamento de produtos alimentarios.
UC0303_2	Conducir e controlar as operacións de elaboración de sobremesas lácteas, iogures e leites fermentados.	MP0031 Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.
UC0304_2	Conducir e controlar as operacións de envasamento e acondicionamento de produtos lácteos.	MP0143 Tratamentos de transformación e conservación. MP0144 Procesamento de produtos alimentarios.
UC0302_2	Conducir e controlar as operacións de elaboración de leites de consumo, evaporados, en po e condensados, e de nata, manteiga, xeados e similares.	MP0031 Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.
UC0303_2	Conducir e controlar as operacións de elaboración de sobremesas lácteas, iogures e leites fermentados.	
UC0318_2	Elaborar conservas, semiconservas e salgaduras de produtos da pesca, seguindo as normas de calidade e seguridade alimentaria.	

Nota. Os módulos profesionais MP0116: principios de mantemento electromecánico e MP0145: procesos tecnolóxicos na industria alimentaria validaranse cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

# CM Panadaría, repostaría e confeitaría

## Ciclo formativo de grao medio

## Título LOE

Perfil profesional

Duración

**2.000 horas**

**Que se aprende a facer?** Elaborar e presentar produtos de panadaría, repostaría e confeitaría, conducindo as operacións de produción, composición e decoración, en obradoiros e establecementos de restauración, con aplicación da lexislación vixente de hixiene e seguridade alimentaria, de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.

**En que ámbitos se traballa?** En obradoiros artesanais ou semiindustriais que elaboran produtos de panadaría, pastelería e confeitaría, así como no sector de hostalaría, subsector de restauración, e como elaboradores ou elaboradoras por conta propia ou por conta allea. Tamén exercen a súa actividade no sector do comercio da alimentación en establecementos que elaboran e venden produtos de panadaría, pastelería e repostaría.

**Que ocupacións se desempeñan?** Panadeiro/a, elaborador/a de bolaría, elaborador/a de masas e bases de pizza, pasteleiro/a, elaborador/a e decorador/a de pasteis, confeitairo/a, reposteiro/a, turroneiro/a, elaborador/a de caramelos e doces, elaborador/a de produtos de cacao e chocolate, churreiro/a, galleteiro/a, elaborador/a de sobremesas en restauración.

**Cales son os módulos deste ciclo?** Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0025	<b>Elaboracións de panadaría e bolaría</b>	347
1º	MP0033	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0024	<b>Materias primas e procesos en panadaría, pastelería e repostaría</b>	133
1º	MP0030	<b>Operacións e control de almacén na industria alimentaria</b>	80
1º	MP0026	<b>Procesos básicos de pastelería e repostaría</b>	240
1º	MP0031	<b>Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos</b>	53
2º	MP0027	<b>Elaboracións de confeitaría e outras especialidades</b>	192
2º	MP0034	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0035	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0032	<b>Presentación e venda de produtos de panadaría e pastelería</b>	70
2º	MP0029	<b>Produtos de obradoiro</b>	175
2º	MP0028	<b>Sobremesas en restauración</b>	140

**Nota.** Os módulos en grosa están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?** Técnico en Panadaría, repostaría e confeitaría.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables
MP0024	Materias primas e procesos en panadería, pastelería e repostería.	UC0305_2 Controlar o aprovisionamento, o almacenamento e a expedición das materias primas e auxiliares e dos produtos terminados, e preparar os equipamentos e os utensilios que se utilizarán nos procesos de elaboración.
MP0030	Operacións e control de almacén na industria alimentaria.	UC0709_2 Definir ofertas sinxelas de repostería, realizar o aprovisionamento interno e controlar consumos.
MP0025	Elaboracións de panadería e bolaría.	UC0034_2 Realizar e/ou dirixir as operacións de elaboración de masas de panadería e bolaría.
MP0026	Procesos básicos de pastelería e repostería.	UC0306_2 Realizar e/ou controlar as operacións de elaboración de masas, pastas e produtos básicos de múltiples aplicacións para pastelería e repostería.
MP0027	Elaboracións de confeitaría e outras especialidades.	UC0307_2 Realizar e/ou controlar as operacións de elaboración de produtos de confeitaría, chocolataría, galletaría e outras elaboracións.
MP0029	Produtos de obradoiro.	UC0035_2 Confeccionar e/ou conducir as elaboracións complementarias, a composición, a decoración e o envasamento dos produtos de panadería e bolaría. UC0308_2 Realizar o acabado e decoración dos produtos de pastelería e confeitaría.
MP0028	Sobremesas en restauración.	UC0710_2 Elaborar e presentar produtos feitos á base de masas e pastas, sobremesas de cociña e xeados.
MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.	UC0036_2 Aplicar a normativa de seguridade, hixiene e protección ambiental na industria panadeira. UC0310_2 Aplicar a normativa de seguridade, hixiene e protección ambiental na industria alimentaria. UC0711_2 Actuar baixo normas de seguridade, hixiene e protección ambiental en hostalaría.
MP0032	Presentación e venda de produtos de panadería e pastelería.	UC0309_2 Realizar o envasamento e a presentación dos produtos de pastelería e confeitaría.

Que módulos  
profesionais se  
validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC0034_2	Realizar e/ou dirixir as operacións de elaboración de masas de panadería e bolaría.	MP0025	Elaboracións de panadería e bolaría.
UC0709_2	Definir ofertas sinxelas de repostería, realizar o aprovisionamento interno e controlar consumos.	MP0030	Operacións e control de almacén na industria alimentaria.
UC0710_2	Elaborar e presentar produtos feitos á base de masas e pastas, sobremesas de cocifía e xeados.	MP0028	Sobremesas en restauración.
UC0711_2	Actuar baixo normas de seguridade, hixiene e protección ambiental en hostalaría.	MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.
UC0035_2	Confeccionar e/ou conducir as elaboracións complementarias, a composición, a decoración e o envasamento dos produtos de panadería e bolaría.	MP0029	Produtos de obradoiro.
UC0036_2	Aplicar a normativa de seguridade, hixiene e protección ambiental na industria panadeira.	MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos.
UC0305_2	Controlar o aprovisionamento, o almacenamento e a expedición das materias primas e auxiliares e dos produtos terminados, e preparar os equipamentos e os utensilios que se utilizarán nos procesos de elaboración.	MP0030	Operacións e control de almacén na industria alimentaria.
